

CONSELLO DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA

Por orde do reitor, prégaselle que, como membro do Consello de Goberno, teña a ben asistir á reunión abaixo consignada, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

LUGAR: Sala 18 (Consello de Goberno) Campus Remoto da Universidade de Vigo, na seguinte ligazón: <https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/999045618> e presencialmente na **Sala Manolo Ramos** do Edificio Ernestina Otero, **3º andar** (Campus Marcosende-Vigo).

No apartado correspondente a “Acceso estudantado” encherase o “Nome” co nome e apelidos de cada un (aos efectos de poder computar a asistencia virtual), e o apartado “Contrasinal” coa clave que se remitirá previamente á xuntanza.

Pulsarase a continuación en “Acceder” e seguiranse as instrucións correspondentes. Conectarase a cámara, cando o presidente así o solicite, unicamente aos efectos de poder proceder á identificación de cada membro.

Advértese que a sesión poderá ser gravada. Para garantir a posibilidade de asistencia dos membros da comunidade universitaria, a sesión transmitirase na contorna virtual da Universidade, pola vía e mediante o acceso que se comuniquen con anterioridade á celebración da xuntanza. Máis información sobre a protección de datos no enderezo electrónico <https://www.uvigo.gal/es/proteccion-datos>

DÍA E HORA: mércores, 25 de marzo de 2026 , ás 09:30 h., en primeira convocatoria, e ás 10:00 h., en segunda. Prégase a conexión na primeira convocatoria, para poder proceder axeitadamente coa identificación dos presentes.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2026.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2026/2027.
4. Aprobación, se procede, do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2026/2027.
5. Aprobación, se procede, da modificación dos criterios de acceso segundo a LOSU para as prazas do 15%.
6. Aprobación, se procede, de modificacións na normativa de dedicación e recoñecementos docentes.
7. Aprobación, se procede, do convenio de cooperación educativa entre a entidade mercantil METRODORA EDUCATION S.L., Real Club Celta de Vigo e a Universidade de Vigo para a adscrición a dita universidade do Centro Universitario “EUSES-VIGO”.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación (CACTI).
9. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA).
10. Aprobación, se procede, da modificación do modelo do Convenio interinstitucional para o recoñecemento mutuo de créditos para obter unha dobre titulación internacional.
11. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” a Don Antonio Manuel Seixas Sampaio da Nóvoa.

12. Elección de representantes na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico⁽¹⁾: 2 PDI; 2 PTXAS; 4 estudantes; 1 director/a de departamento.
13. Quenda de intervencións.

A secretaria xeral

*(1) As candidaturas poderanse presentar nas Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro do Campus de Vigo-ciidade, Campus de Marcosende, Campus de Ourense e de Pontevedra, así como na Sede Electrónica da Universidade de Vigo, ata as **14:00 horas** do día **23 de marzo de 2026**.*